# IESP AMES – CURSO ACADÉMICO 2021-2022

# PROGRAMACIÓN DE LINGUA ITALIANA
# SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

ÍNDICE

- Introdución e contextualización. Desenvolvemento da programación... 3
- Concrecións metodolóxicas da materia .................................................... 7
- Competencias clave ... 8
- Atención á diversidade .......................................................................... 10
- Procedementos e Instrumentos da avaliación ......................................... 11
- Criterios de cualificación ................................................................... 11
- Criterios de promoción ...................................................................... 14
- Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos ..... 14
- Avaliación inicial ......... 14
- Probas extraordinarias e pendentes .................................................... 14
-Elementos transverais .......................................................................... 15
- Actividades complementarias e extraescolares ... 15
-Materiais e recursos didácticos ........................................................... 16
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.... 17
-Avaliación da programación .......................................................18
- Programació Primeiro de Bacharelato ... 23
- Programació Segundo de Bacharelato ... 59

## INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

A materia de lingua italiana ofértase como segunda lingua nos cursos de bacharelato.

O IES Ames é un centro plurilingüe que imparte varias materias en lingua italiana. Ademáis é un centro que participa muy frecuentemente en programas europeos, como por exemplo o antigo programa Comenius no que colaborou en varias ocasións en cursos anteriores. En algún destes programas no que o centro participou colaborouse con centros escolares italianos. Estas características particulares deste centro posiblemente fomenten que unha parte do alumnado amose interés por aprender linguas estranxeiras.

O concello de Ames, na provincia de A Coruña, atópase na comarca natural de Amaía limitado cos municipios de Santiago de Compostela, Teo, Brión, A Baña e Val do Dubra. Ten unha extensión de 94 km sobre a que se distribúen as súas 116 entidades de poboación e 11 parroquias. Os dous núcleos de poboación principais son Bertamiráns e O Milladoiro, que concentran máis do 60% dos 30.267 hab. do concello en 2015.

As características urbanas actuais do concello son relativamente recentes e contrastan coa tradicional estructura económica e demográfica dun concello rural como o foi Ames ata os anos 1990. A partir de entón, o concello vese afectado por un proceso de metropolización con orixe en Santiago de Compostela: a proximidade a esta cidade xunto co menor prezo do solo, fixo que Ames absorbese parte do crecemento da capital, que se dirixiu principalmente aos núcleos de Bertamiráns e O Milladoiro. A expansión do fenómeno urbano fai que as características deste se mesturen coas dun medio rural de baixas densidades e usos agro-gandeiros do solo.

A poboación

A situación de Ames na área urbana de Santiago de Compostela explica en grande medida o enorme crecemento de poboación desde a década dos 90, que pasa de apenas 10.000 hab. en 1991 a máis do triplo no 2015. Nos últimos catro anos, a taxa de crecemento diminúe pero segue a manter números positivos, que o sitúan como un dos municipios galegos máis dinámicos en termos demográficos. Polo que atinxe ao ámbito educativo, a presión do crecemento do alumnado obriga a un coñecemento profundo sobre o estado do sistema educativo coa finalidade de identificar as debilidades e necesidades, e planificar solución.

Con respecto ao nivel académico dos pais e nais de Educación Primaria, predominan as ensinanzas universitarias que no caso das mulleres case acada o 50% e no caso dos homes o 40%. Existe, polo tanto, un maior nivel académico por parte das nais, froito do incremento das mulleres na educación superior nas últimas décadas. En canto á Formación Profesional, a porcentaxe representada polos pais é sensiblemente maior á das nais cun 22,1% fronte un 16,52%.

No referido á Educación Secundaria, existe semellanza na porcentaxe representada se suman a primeira etapa e a segunda de Educación Secundaria, pero vemos como no caso das nais é máis habitual acadar o nivel máis alto, aínda que non se continúen cos estudos. Só un 12,19% no caso dos homes e un 9,13% no caso das mulleres remataron os seus estudos na Educación Primaria. Así pois, o nivel educativo dos pais e nais é relativamente alto, debido, en parte á chegada nos últimos anos de poboación nova vinculada a traballos cualificados na capital de Galicia.

Centros educativos públicos de Ames

A oferta educativa municipal de Ames contempla dúas escolas infantís (O Bosque e a Madalena); dúas escolas unitarias (A Igrexa e Covas); unha escola de educación infantil (EEI Milladoiro); tres centros educativos de infantil e primaria (CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e CEIP A Maía); un centro educativo de primaria (CEP Ventín) e dous institutos de ensino secundario (IESP de Ames e o IES de Milladoiro.)
O IESP de Ames ten adscritos os seguintes centros: CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e o CEIP a Maía.

No curso 2021/21 aplícase a Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) en todos os cursos da ESO e de Bacharelato O **decreto 86/2015, do 25 de xuño**, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa finalidade de establecer as condicións propicias para afondar nos cambios metodolóxicos necesarios para alcanzar aqueles obxectivos, a **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, deulle unha nova redacción ao artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. O currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensinanza e de etapa educativa; as competencias, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliables; e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.
A nova configuración curricular da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no sistema educativo galego establece o agrupamento de **materias** en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica. O currículo, así mesmo, regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliables e as competencias clave nas diferentes materias.
En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as **competencias clave** para a aprendizaxe permanente considérase que "as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego". A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral.
As concrecións curriculares para os distintos bloques de materias constrúense a partir dos **criterios de avaliación**, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar.

En cada materia, os **contidos** agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra,

permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a quen van dirixidos.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O **enfoque metodolóxico** deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas. Tamén se ten en conta o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar.

A **Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro**, se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Finalmente, no curso 2021/2022 manterase en vixencia o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 seguindo as instrucións da Resolución do 10 de setembro de 2021 pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19 . Por iso, para todos os cursos desta Programación Didáctica contémplanse tres posibles escenarios en función da situación sanitaria: ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.

.

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

No caso de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial, todos os estándares de aprendizaxe serán considerados imprescindibles, aludindo ao seu grao mínimo, como aparecen desenvolvidos en cada un dos cursos desta Programación Didáctica, para lograr a adquisición das competencias clave.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, en calquera dos tres escenarios contemplados será unha avaliación diagnóstica, continua, formativa e integradora. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final da materia son os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que aparecen reflectidos nesta Programación Didáctica.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

No caso de actividade lectiva presencial serán os que aparecen para cada curso desta Programación Didáctica. De producirse un ensino semipresencial e/ou non presencial, seguiríase tendo en conta, igual que na actividade lectiva presencial, tanto o traballo realizado (desde a casa, nese caso, e entregado en tempo e forma solicitado polos docentes) como as probas escritas presenciais. Só no caso de que non se puidesen realizar probas escritas presenciais o profesorado podería optar por probas telemáticas. Para as probas telemáticas poderíanse solicitar comprobacións de autencidade naqueles casos onde se detectasen incoherencias

METODOLOXÍA DIDÁCTICA NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

Neste caso, para garantir a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua,o deseño das tarefas adaptaríase para ser realizadas a través de medios telemáticos:

- Preferentemente aula virtual
- Clases con videoconferencia

- plataformas das editoriais con recursos para o alumnado e uso das versións dixitais dos materiais sempre e cando as distintas editoriais proporcionen licencias dixitais de ditos materiais.
- Outras plataformas e ferramentas dixitais: edmodo, kahoot, socrative, remind, ...

MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN

O Plan de Continxencia do IESP Ames é o marco establecido no caso dunha actividade lectiva non presencial

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

A metodoloxía a aplicar axustarase aos principios da aprendizaxe significativa donde o alumno-a sexa o protagonista e artífice da súa propia linguaxe e non un mero receptor pasivo. O alumno-a debe observar, reflexionar, participar, investigar, construir, etc.

A lingua é unha canle da comunicación humana, e ensínase como tal, é dicir, por medio do uso; polo tanto o italiano, a lingua ensinada, será a utilizada polo profesor e os alumnos-as, aínda que se recurra á lingua materna á hora de facer algún tipo de aclaración.

As unidades temáticas desenvolveranse atendendo ás catro destrezas lingüísticas: escoitar, falar, ler e escribir.

Partimos da base de que o coñecemento da lingua italiana será nulo ou moi escaso entre o alumnado, pero a idiosincrasia desta lingua é tal que posibilita que, ao escoitala, aos oíntes que coñecen e falan castelán ou galego (e algúns deles tamén italiano), lles soa familiar, de maneira que a aprendizaxe resulta un pouco máis fácil. Sen embargo, esta maior similitude entre a lingua italiana e as linguas máis coñecidas polo alumnado, trae aparelladas algunhas dificultades que convén non eludir: por exemplo o problema dos "falsos amigos", ou palabras iguais pero con significado moi diverso, debe ser largamente comentado; así como o uso distinto de preposicións idénticas. Pola mesma razón, débese facer fincapé nas diferenzas entre as linguas, evitando as transferencias automáticas entre o galego e o castelán, e a lingua obxecto de estudo.

En síntese indícanse a continuación as principais concrecións metodolóxicas da materia:

- No tratamento da materia primará un enfoque comunicativo, polo que os elementos do currículo definiranse sempre en base aos procesos de comunicación aos que van encamiñados, adecuándose ás características e as necesidades do alumnado.

Integrando todos estes aspectos e partindo desta idea, o currículo estrutúrase ao redor de actividades de lingua tal como estas descríbense no Marco de Referencia Común Europeo: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

- A metodoloxía centrarase no alumno, nas súas necesidades de aprendizaxe e na responsabilidade que este debe asumir no proceso para que adquira as diversas competencias implicadas na comunicación e, desenvolva a capacidade de pór todas estas competencias en práctica de maneira conxunta para producir e procesar textos orais ou escritos adecuados aos contextos de actuación correspondentes.
- A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

- Incidirase ademais de maneira especial no aproveitamento didáctico de recursos dixitais, entendidos como unha ferramenta esencial para iniciar ao alumnado na adquisición gradual de mecanismos autónomos de aprendizaxe

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE SEGUNDA LINGUA ITALIANA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG luns, 29 de xuño de 2015), no marco da proposta realizada pola Unión Europea identificáronse sete competencias clave: Comunicación Lingüística (CCL); Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT); Competencia Dixital (CD); Aprender a Aprender (CAA); Competencias Sociais e Cívicas (CSC); Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE); e Conciencia e Expresións Culturais (CCEC).

A materia de lingua italiana, dado que é unha lingua estranxeira, contribúe en maior medida ao desenvolvemento da **Competencia en comunicación lingüística,** pero tamén contribúe ao desenvolvemento do resto das competencias: **competencia dixital**, **competencia para aprender a aprender, competencias sociais e cívicas**, **sentido de iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais.**

**1.** Comunicación Lingüística (CL):
   1.1. Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social.
   1.2. Ser capaz de escoitar, falar e conversar en italiano.
   1.3. Ser capaz de expresarse en italiano, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a Linguaxe apropiada a cada situación.
   1.4. Saber ler textos en italiano e así ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
   1.5. Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.
   1.6. Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do italiano a partir das linguas que xa coñece.

**3.** Competencia Dixital (CD):
   3.1. Acceder a todo tipo de información que se pode encontrar en italiano.
   3.2. Utilizar o italiano para comunicarse con outras persoas a través do correo electrónico, foros, etc.
   3.3. Crear contextos sociais e funcionais de comunicación.
   3.4. Aproveitar os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.

**4.** Competencia para Aprender a Aprender (CAA)

4.1. Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipótese e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.
4.2. Reflexionar sobre a propia aprendizaxe.

**5.** Competencias Sociais e Cívicas (CSC)

5.1. Utilizar o italiano como vehículo de comunicación e transmisión cultural.
5.2. Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais e de comportamento.
5.3. Intercambiar información persoal en italiano para reforzar a identidade dos interlocutores.
5.4. Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, e favorecer o feito de aprender cos outros.

**6.** Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)

6.1. Adquirir conciencia de valores e actitudes tales como a responsabilidade, a perseveranza, o autocoñecemento, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, asumir riscos, etc.
6.2. Ser capaz de elixir con criterio propio, imaxinar proxectos e levar adiante accións tanto no plano individual como en grupo.
6.3. Conseguir transformar as ideas en accións pasando polas fases de análise, desenvolvemento, planificación, toma de decisións, actuación, avaliación, auto avaliación, conclusións e posibles melloras.
6.4. Dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo. Poñerse no lugar do outro, valorar as súas ideas, dialogar e negociar, ser asertivos e traballar de forma cooperativa e flexible, ter espírito de superación e asumir riscos.

**7.** Competencia Artística e Cultural. Conciencia e Expresións Culturais (CCEC).

7.1. Aproximarse mediante o estudo da lingua a outros autores que contribuíron dende distintas áreas á manifestación artística.
7.2. Expresar en italiano opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas.
7.3. Realizar traballos creativos individualmente e en grupo.
7.4. Realizar representacións de simulacións e narración.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As actividades de reforzo e ampliación permiten darlles unha atención individualizada aos alumnos, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe. Como punto de partida tomamos en conta catro ámbitos de diversidade:

▪ A capacidade para aprender

Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo, sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un.

▪ A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, xa que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e polo contexto no que os alumnos se desenvolven.
Trataranse temas que fan posíbel a implicación emocional dos alumnos/as, dado o noso convencemento de que cando se apela ao que directamente lles afecta e lles interesa, a resposta ante o estimulo está asegurada.

▪ Os estilos de aprendizaxe

Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe faranse varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Ademais fomentamos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo; isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

▪ Os intereses dos alumnos/as

Está comprobado que os intereses dos alumnos/as se diversifican moito máis en Bacharelato. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou necesidade de facelo. Por iso inclúense unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría.

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

- Os alumnos realizarán a comunicación interpersoal durante este curso entre os seus compañeiros e co profesor. Destes actos de intercomunicación oral, os alumnos deberán comprender polo menos a mensaxe global e os datos específicos que lles fan falta para adiantar o discurso.
- Utilizaranse grabacións de radio, televisión, cintas de música, de video e grabacións dos textos do libro para facer prácticas de comprensión oral.
- Traballarase na comprensión dos textos escritos e na produción propia. O tipo de textos que se presentará para a comprensión servirá a miúdo de modelo para a produción. Sen embargo, os alumnos poderán entender textos moito máis longos e complexos dos que poderán producir.
- Utilizaranse medios de consulta que faciliten a aprendizaxe: dicionarios, gramáticas...
- Utilizaranse todo tipo de textos: narrativos, publicitarios, informativos... sempre e cando estén escritos en italiano estándar e sen rasgos dialectais. Tamén comezará a lectura de textos de rexistro literario.

**Os instrumentos de avaliación** empregados serán basicamente os seguintes:

- ✓ exercicios de control para o traballo das destrezas
- ✓ probas puntuais
- ✓ probas trimestrais (orais e escritas)
- ✓ observación do traballo diario en clase e fora da clase para avaliar tanto o traballo individual como colectivo.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

(Criterios para os contidos serán os mesmos para todos os escenarios: presencial, semi-presencial e non presencial)

A avaliación terá en conta ademáis de a realización de polo menos unha proba escrita sobre os contidos por cada ciclo avaliativo, as actividades realizadas por cada alumno na clase e na casa, a actitude cara a asignatura e o grao de progreso ao longo do curso.

- Contidos 1º Bacharelato: Comprensión escrita 10
  Expresión escrita 30

Comprensión oral 15
Expresión oral 15
Coñecemento da lingua (Gramática e vocabulario) 30

- Contidos 2º Bacharelato: Proba modelo ABAU con catro preguntas:
  Pregunta 1 (resumo do texto): 10
  Pregunta 2 (comprensión do texto): 10
  Pregunta 3 (gramática) 25
  Pregunta 4 (expresión escrita) 25
  Comprensión oral 15
  Expresión oral 15

A súa valoración farase mediante probas, tarefas individuais ou en parellas ou grupos.
**A porcentaxe que ocupará a cualificación dos contidos dentro da cualificación global de cada ciclo avaliativo será un 50% .**

- Actitudes e traballo da clase (Primeiro e Segundo de Bacharelato) Escenario presencial e semi-presencial

Para a valoración deste apartado o profesor utilizará a observación directa, atenta e detallada, da que, a ser posible, deixará constancia no seu caderno.

**Comportamento e respeto ao profesor e compañeiros** 10
Indicadores: É respetuoso co profesor e compañeiros
Non entorpece e interrompe o desenvolvemento das clases
Non se descentra falando e mantendo conversas

**Traballo e implicación nas actividades na aula e fóra da aula** 45
Indicadores: Trae os materiais necesarios para as clases
É puntual e asiste regularmente ás clases
Realiza o traballo asignado dentro e fóra da aula
Realiza as tarefas nos prazos requeridos

Ten unha participación activa nas actividades da aula tanto (individuais e grupo)

**Esforzo por progresar e mellorar** 45
Indicadores:

Está atento ás explicacións do profesor
Axústase ás instrucións e pautas dadas para a realización das tarefas asignadas
Amosa interese en realizar as tarefas coa maior corrección posible cos propios medios e con esforzo persoal (non usa traductores, non copia e pega de internet, etc.)
Na realización das tarefas amosa unha evolución positiva acorde cos seus coñecementos previos
Presta atención ás correccións dos traballos realizados para evitar repetir os mesmos erros
Preocúpase por pedir aclaracións, axuda, etc para acadar un mellor rendemento

**A porcentaxe que ocupará a cualificación das actitudes e traballo da clase dentro da cualificación global de cada ciclo avaliativo é o 50%**

- Actitudes e traballo da clase (escenario non presencial)

**Traballo e implicación nas actividades (**40)
Indicadores: Conéctase regularmente ás clases telemáticas
Realiza todo o traballo asignado
Realiza as tarefas nos prazos requeridos
Ten unha participación activa nas clases a distancia cando se require a interacción

**Esforzo por progresar e mellorar** (60)

Indicadores: Está atento ás explicacións
Axústase ás instrucións e pautas dadas para a realización das tarefas asignadas
Amosa interese en realizar as tarefas coa maior corrección posible cos propios medios e con esforzo persoal (non usa traductores,

non copia e pega de internet, etc.)
Na realización das tarefas amosa unha evolución positiva acorde cos seus coñecementos previos
Presta atención ás correccións dos traballos realizados para evitar repetir os mesmos erros
Preocúpase por pedir aclaracións, axuda, etc para acadar un mellor rendemento

**A porcentaxe que ocupará a cualificación das actitudes e traballo da clase dentro da cualificación global de cada ciclo avaliativo é o 50%**

**CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro.

**ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS**

Será requisito indispensable a superación previa da materia do primeiro curso para poder ser avaliado/a na materia de segundo. Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases de lingua estranxeira I, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes e se lle proporá ao alumnado un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas.Ademáis, o alumnado deberá realizar probas parciais (unha proba por avaliación) para verificar a superación desa materia.

**AVALIACIÓN INICIAL**

Procedementos: Actividades de produción oral

É de supoñer que os alumnos que elixen esta materia no primeiro curso do bacharelato non teñen coñecementos previos. De todos xeitos durante a primeira semana do curso desenvolveranse actividades de produción oral a modo de breves entrevistas ao alumnado para comprobar se carecen totalmente de coñecementos previos ou, se posúen algún coñecemento da materia.

No segundo de bacharelato levaranse a cabo probas de produción e/ ou comprensión oral para comprobar o nivel de coñecementos adquiridos.

**AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA E PENDENTES**

A avaliación dos alumnos que non superen a materia mediante os exames ordinarios farase mediante una proba extraordinaria que avaliará os coñecementos conceptuais e terá un número de preguntas valoradas segundo a súa entidade e sempre acordes ás realizadas ao longo do curso.Para superar a convocatoria extraordinaria o alumno deberá amosar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.

Criterios de cualificación da proba extraordinaria:
Comprensión escrita: 20%
Expresión escrita: 40
Coñecemento da lingua (gramática e vocabulario): 40%

Os alumnos que queden coa materia pendente recibirán actividades das que se fará un seguimento por parte do profesor. Preténdese que esas actividades sirvan ao alumno para a súa recuperación a través da realización dunha proba que se axusta ao grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para o nivel a recuperar. Ofreceranse tres datas para dita proba, que son como tres oportunidades que ten o alumno para a superación da materia pendente. Os criterios de cualificación serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

**ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC. Como é de esperar, na materia da lingua italiana traballanse principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC .
- Desenvolvemento de actividades que promoven tanto o traballo cooperativo como colaborador. Exemplo do desenvolvemento das devanditas destrezas son debates sobre temas que suscitan controversia ou conversacións entre os alumnos.
- Emprendimento: Desenvolvemento de actividades que esixirán ao alumno ser asertivo á hora de dar a súa opinión, flexible e cooperativo. Favorecerase o desenvolvemento de calidades como a imaxinación, creatividade, confianza en si mesmo ou o sentido crítico. Os alumnos adquiren autonomía a medida que avanza no coñecemento da lingua.
- Educación en valores sociais: xa que o coñecer unha lingua implica o coñecemento de trazos sociais e feitos culturais vinculados aos falantes destas e que poden ser traballados paralelamente á unidade
- Educación moral e cívica: a importancia de coñecer e respectar outras formas de vida e cultura diferentes á nosa, que se expresan mediante a súa indumentaria e aspecto externo.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Se a situación sanitaria cambiara, realizarase un intercambio escolar con un centro escolar italiano no caso de que houbese un número suficiente de alumnos españois e italianos interesados en participar en dita actividade.

## MATERIAL DIDÁCTICO

PRIMEIRO BACHARELATO

Libro de texto de referencia**:**
*Espresso uno*. Ziglio,Luciana e Rizzo,Giovanna. **Alma edizioni,Firenze,2004.**
**Outros libros:**
*Grammatica pratica della lingua italiana.Esercizi,test,giochi.*Nocchi,Susanna.**Alma edizioni,Firenze,2002.**
*Grammamia.*Nocchi,Susanna e Chiappelli,Tiziana.**Alma edizioni,Firenze,2002.**
*Espresso.Attività e giochi per la classe 1 e 2.*Alberti,Cinzia.**Alma edizioni,Firenze,2004.**
*Un tuffo nell'azzurro.*Patrizia Pacci.**Panozzo editore,Rimini.**
*L'italiano?Sì,grazie.Volume1,2,3.***EuropeanLanguageInstitute,**

SEGUNDO BACHARELATO

Libro de texto de referencia: ESPRESSO. Corso di italiano 2. Alma edizioni Firenze.
Outros libros utilizados:
-DU BESSÉ Percorso guidato. Guida di Firenze con attivitá ed esercizi. Bonacci editore.
- ROSSELLA BOZZONE. Viaggio nell'italiano. Loescher editore. Torino, 1995.
-L'italiano? Si, grazie. Volumen 1, 2 e 3 (European language institute). Tecnostampa.
- BATTAGLIA. Gramática italiana para estudiantes de habla española. Bonacci editore.
- V.V.A.A.Letture in gioco.Attività e giochi per leggere in italiano.Alma edizioni.Firenze,2003
- LOMBARDO / NOSEGNO / SANGUINETTI. L'italiano con i fumetti. Guera edizioni. Perugia, 2003.
-ANNA IGNONI. Primi piani sugli italiani. Guerra edizione. Perugia, 2002.
-SARO MARRETTA. Pronto, commissario? Lettura italiana per stranieri. Bonacci editore. Roma, 1996.
Video.
-Il Ciclone..1993.Regia di Leonardo Pieraccioni.
L'era glaciale.2002.Regia di Chris Wedge
5.Grabacións de radio.
6. Xornais e revistas.

7. Contos e fragmentos literarios.
8. Xogos.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

| ELEMENTOS A AVALIAR | INDICADORES DE LOGRO | | | Resultado |
|---|---|---|---|---|
| | Non conseguido | Conseguido parcialmente | Totalmente conseguido | |
| Programación didáctica. | Non se adecúa ao contexto da aula. | Se adecúa parcialmente ao contexto da aula. | Se adecúa completamente ao contexto da aula. | |
| Plans de mellora. | Non se adoptaron medidas de mellora tras os resultados académicos obtidos. | Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tras os resultados académicos obtidos. | Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos. | |
| Medidas de atención á diversidade. | Non se adoptaron as medidas axeitadas de atención á diversidade. | Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar. | Adoptáronse medidas de atención á diversidade axeitadas. | |
| Temas transversais. | Non se traballaron todos os temas transversais na materia. | Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia. | Traballáronse todos os temas transversais na materia. | |
| Programa de recuperación. | Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos. | Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten. | Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten. | |
| Obxectivos da materia. | Non se alcanzaron os obxectivos | Alcanzáronse parte dos obxectivos | Alcanzáronse os obxectivos da materia | |

| ELEMENTOS A AVALIAR | INDICADORES DE LOGRO | | | Resultado |
|---|---|---|---|---|
| | Non conseguido | Conseguido parcialmente | Totalmente conseguido | |
| Competencias. | Non se desenvolveron a maioría das competencias relacionadas coa materia. | Desenvolvéronse parte das competencias relacionadas coa materia. | Logrouse o desenvolvemento das Competencias relacionadas con esta materia. | |
| Práctica docente. | A práctica docente non foi satisfactoria. | A práctica docente foi parcialmente satisfactoria. | A práctica docente foi satisfactoria. | |
| Materiais e recursos didácticos. | Os materiais e recursos didácticos utilizados non foron os axeitados. | Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados. | Os materiais e recursos didácticos foron completamente axeitados. | |
| Métodos didácticos e pedagóxicos. | Non contribuíron á mellora do clima de aula e de centro. | contribuíron parcialmente á mellora do clima de aula e de centro. | contribuíron á mellora do clima de aula e de centro. | |
| Resultados avaliación. | Non satisfactorios. | Foron moderados. | Moi satisfactorios. | |

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente proporcionará a información necesaria para a revisión e avaliación da programación didáctica.A programación e o seu desenvolvemento serán obxecto de seguimento e avaliación específicos.

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só no caso de ser necesario en bacharelato]. | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 22. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 23. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 24. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

**OBXECTIVOS XERAIS DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA NO BACHARELATO**

En 1º e 2º de Bacharelato os prinscipais obxectivos serán: a, b, c, f, p .O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**PRMEIRO BACHARELATO**

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxe ctivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compe-tencias clave | Grao mínimo consec ución | Instrum entos avalia-ción |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | | | |
| a<br>b<br>c<br>f | B1.1. Estratexias de comprensión:<br>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). | B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.<br>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude | SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Esfórza se en mellora r o proceso de compre nsión usando estrate-xias , | -TA<br>-OA |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compe-tencias clave | Grao mínimo consecución | Instrumentos avalia-ción |
| | Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br><br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).<br><br>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).<br><br>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br><br>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación | media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br><br>B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan | coñecementos e as experiencias doutras linguas. | | coñece-mentos adquiridos e experi-encias noutras linguas. | |
| | | | SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. | CCL<br><br>CAA<br><br>CSC<br><br>CCEC<br><br>CD | Comprende a información principal de instrucións e indicacións se | -TA<br><br>-OA |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxe ctivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compe-tencias clave | Grao mínimo consec ución | Instrum entos avalia-ción |
| | comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.<br><br>B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. | repetir o dito.<br><br>B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.<br><br>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información moi relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, e de programas de televisión tales como | | | se lle repite | |
| | | | SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | CCL<br><br>CAA<br><br>CSC<br><br>CCEC | Logra a compre nsión global e detala-da en convers as e entrevis tas formais se se lle axuda con repetici óns e | -TA<br><br>-OA |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compe-tencias clave | Grao mínimo consecución | Instrumentos avalia-ción |
| | | informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión. | | | aclaracións | |
| | | | SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Capta o sentido global e os detalles en diversas transa-ccións e xestións cotiás se volve a escoitar | -TA<br>-OA |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxe ctivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compe-tencias clave | Grao mínimo consec ución | Instrum entos avalia-ción |
| | | | SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiáns ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | Capta os diver-sos senti-dos e matices en conver-sas infor-mais de veloci-dade lenta media e con axuda do interlo- | -TA<br>-OA<br>-PO |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxe ctivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compe- tencias clave | Grao mínimo consec ución | Instrum entos avalia- ción |
| | | | | | cutor | |
| | | | SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | Capta a informa ción relevan te en presen. tacións, docu.m entais, informa tivos, entrevis tas televisi. vas , anun.ci os | -TA<br>-OA<br>-TC |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxe ctivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compe- tencias clave | Grao mínimo consec ución | Instrum entos avalia- ción |
| | | | | | publici- tarios, progra- mas de entrete mento cando se usa lingua están- dar con unha boa estrutu- ración, clarida- de e hai imaxes | |

| | Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxe ctivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compe-tencias clave | Grao mínimo consec ución | Instrum entos avalia-ción |
